

Referencia:	2021/1242S
Procedemento::	Elaboración, gestión de la convocatoria y concesión de subvenciones
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (504)	

Adamantino Barreiro García, secretario da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, CERTIFICO que a Xunta de Goberno, na sesión do día 20 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1º) Inadmitir a trámite a seguinte solicitude presentada fóra do prazo legalmente establecido na base quinta da convocatoria:

- Maese Riders Team G32503252. Ciclismo

O informe da comisión de valoración ao escrito presentado por Maese Riders Team é o seguinte:

Procede admitir a trámite a alegación presentada, xa que tivo entrada dentro do prazo de audiencia provisto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos do ano 2021.

Revisión do expediente:

O alegante indica que *“houbo un erro na achega do documento na sede electrónica da Deputación dun arquivo bloqueado e non se puido desbloquear ata o día seguinte o prazo establecido...”*

Con respecto a esta alegación, soamente cabe indicar que ao non tratarse dun erro imputable a esta Deputación Provincial, non se pode estimar a alegación indicada, polo que a Comisión de Valoración ratifica a proposta inicial.

2º) Desestimar, integramente, as alegacións presentadas **polos seguintes clubs** polos motivos incluídos na parte positiva da acta, que son os seguintes:

- Club Deportivo La Purísima
- Club Ourense Volei Praia
- Club Couto Ourense Fútbol Sala
- Club Deportivo Pabellón Promesas

Informe da comisión de valoración ó escrito presentado polo Club Deportivo La Purísima.

Procede admitir a trámite a alegación presentada, xa que tivo entrada dentro do prazo de audiencia provisto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos do ano 2021

Revisión do expediente:

Da detallada revisión do expediente presentado no seu día polo Club Deportivo La Purísima e unha vez analizada a documentación e a asignación de puntuacións, resulta o seguinte:

1. O Club deportivo La Purísima presenta solicitude como club polideportivo por cinco modalidades, das que só se teñen en consideración 4 delas por carecer a modalidade de montañismo do mínimo número de licencias de base establecido na convocatoria.
2. O número de licencias certificadas polas diferentes federacións deportivas, segundo os anexos que figuran no expediente , non é de 565 deportistas, senón de 434, como así establece a valoración realizada. As licencias xustificadas son:
 - a. Federación Atletismo: 142 masculinas máis 128 femininas. Total: 270
 - b. Federación Deporte adaptado: 2
 - c. Federación Triatlón e pentatlón: 16 masculinas e 9 femininas. Total: 25
 - d. Federación Fútbol: 136 masculinas e 1 feminina. Total: 137.
3. A puntuación de cada apartado establécese en réxime de concorrencia competitiva co resto dos clubs solicitantes, e en consonancia cos datos cuantitativos aportados por cada club e certificados polas respectivas federacións, polo que, se non aparece nos primeiros postos en estrutura de club é porque, outros clubs , presentan e xustifican mellores cifras, conforme ao establecido nos requirimentos da convocatoria.
4. As bases da convocatoria son moi claras en canto á asignación de puntuación por técnicos, esixindo que se indique o tipo de contrato e data de inicio no anexo. Ao carecer desa información no anexo correspondente, a puntuación neste apartado é de 0 puntos.
5. En canto á situación económica, non se pon en dúbida a información aportada no escrito de alegación, pero non se pode ter en conta por non ter aportado no seu momento e debidamente cumprimentado o anexo dos gastos de quilometraxe e o anexo da liquidación, polo que, como establecen as bases da convocatoria (cláusula 10.1.a), a puntuación nese apartado debe ser de 0 puntos.
6. Na valoración do nivel competitivo non se ten en conta o número de modalidades, senón o ámbito xeográfico da principal actividade do club. Así, na baremación, si se ten en consideración a súa participación principalmente a nivel autonómico (30 puntos) e, a maiores, a participación en puntuais campionatos nacionais das diferentes modalidades (7 puntos), polo que a puntuación está correctamente establecida en 37 puntos.
7. A incidencia social está definida na cláusula décima, 1.d da convocatoria. Convén a súa atenta lectura para evitar erróneas interpretacións neste apartado, no que os 23,08 puntos asignados pola comisión xa o sitúan entre os clubs máis valorados da convocatoria

Conclusión: Valorado e analizado o escrito de alegacións presentado polo Club Deportivo La Purísima , a comisión de valoración, por unanimidade, en consonancia co indicado anteriormente acorda desestimar as alegacións e manter o indicado Club coa puntuación establecida e a conseguinte proposta de subvención.

Informe da comisión de valoración ó escrito presentado polo Club Ourense Volei Praia

Procede admitir a trámite a alegación presentada, xa que tivo entrada dentro do prazo de audiencia provisto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos do ano 2021.

Revisión do expediente:

Da detallada revisión do expediente presentado no seu día polo Club Ourense Volei Praia, unha vez analizada a documentación e a asignación de puntuacións, resulta o seguinte:

Alegación primeira: Alega o solicitante que no prazo de presentación de solicitudes o número de licenzas federativas acreditado polo club era de 96, se ben “*el carácter anual de la temporada impidió que en el momento de presentación de la subvención fuese imposible aportar un certificado con el número de licencias total*”, aportando agora un certificado federativo de data 03.09.2021, onde se incrementa o referido número de licenzas. A comisión entende que a presente alegación debe ser desestimada por varios motivos. En primeiro lugar, porque estamos diante dun procedemento de concorrencia competitiva, onde a documentación valorable non é emendable, tal e como se recolle nas bases reguladoras do concurso. En segundo lugar, polo carácter preclusivo dos prazos de presentación de documentación nos procedementos de concorrencia competitiva, polo que transcorrido o prazo fixado nas bases reguladoras don concurso, pérdese a oportunidade de realizar o trámite que corresponda, xa que de non ser así, o prazo permanecería aberto “sine die” para que todos os interesados puidesen presentar a documentación que considerasen, vulnerándose a igualdade de trato entre os interesados. Por último e en terceiro lugar, porque as propias bases xa recollen expresamente que o certificado do número de licenzas do club debe referirse á temporada 2020/2021, se ben para aqueles clubs, que no momento de cubrir a documentación, non comezaran a súa temporada deportiva, como parece ser o caso, deberán acompañar un certificado co número de licenzas da última temporada, sendo este o que se presentou polo referido club, e o que a comisión procedeu a valorar, tal e como se recolle nas bases do concurso. Por todo o exposto, esta alegación debe ser desestimada.

Alegación segunda: Neste caso o interesado alega que o nivel de competición do club debe ser o de “nacional”, e non “autonómico”, que é que figura na valoración sometida ao trámite de audiencia. Sobre esta alegación a comisión debe indicar, que vista a documentación presentado en prazo, particularmente o anexo V “*avaliación da estrutura e incidencia social da entidade*”, resulta que o club indica dispoñer de seis equipos en cada unha das categorías

(alevín, infantil, cadete, sub 19, sub 21 e senior, tanto masculina como feminina), encadrando a todos eles na categoría de competición “autonómica”. A maior abastanza, o club solicitante non aportou en prazo nin calendarios de competición nin gastos de quilometraxe que permitisen desvirtuar a cualificación de “autonómico2 declarada polo propio club, razón polas que a comisión de valoración debe manter o seu criterio e desestimar a presente alegación.

Alegación terceira: Neste apartado o club solicitante solicita a revisión da súa valoración no apartado de “incidencia social”, no que obtivo unha puntuación total de 6,27 puntos. Revisada a puntuación outorgada, a comisión entende que debe manter a mesma, xa que, por un lado, a antigüidade do club, posta en relación coa dos restantes clubs participantes, reflicte unha puntuación que se obtén por unha fórmula matemática, e por outro lado porque a puntuación outorgada no relativo ao previsto na base décima letra d), posta en comparación coa outorgada a clubs de similar estrutura e disciplina deportiva, considérase axustada.

Conclusión: De todo o indicado anteriormente en relación coas alegacións presentado polo Club Ourense Volei Praia, a comisión de valoración, por unanimidade acorda desestimar todas as alegacións e manter o indicado Club coa puntuación establecida e a conseguinte proposta de subvención.

Informe da comisión de valoración ó escrito presentado polo Club Couto Ourense Fútbol Sala

Procede admitir a trámite a alegación presentada, xa que tivo entrada dentro do prazo de audiencia previsto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos do ano 2021

Revisión do expediente:

A vista do escrito presentado polo Club Couto Ourense Fútbol Sala no que se solicita a revisión da baremación realizada no relativo a que se teña en consideración “el certificado de licencias de dicha temporada y posuír equipos de base aínda que sen competición...” convén realizar ás seguintes consideracións:

1º.- No relativo ao certificado de licenzas presentado da tempada 2020-2021 , obsérvase que soamente se acreditan 4 licenzas de base, cando o que esixe a convocatoria é un equipo de base acreditado en competición, segundo despréndese do indicado na Base 2ª-1d.

2º.- Non achega certificado de licenzas da tempada 2019-2020 de conformidade co que establece a modificación das bases da convocatoria realizada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 1 de marzo de 2021 que posibilitaba acreditar este extremo (equipo de base) en ausencia de certificado da tempada actual.

3º.- Tampouco presenta certificado da respectiva Federación que puidese acreditar a non convocatoria de competicións oficiais de categorías inferiores, de conformidade co que tamén establece a indicada modificación referida no parágrafo anterior.

Conclusión: De todo o indicado anteriormente en relación coas alegacións presentado polo Club Couto Ourense Fútbol Sala , a comisión de valoración, por unanimidade acorda desestimar todas as alegacións e manter o indicado Club coa puntuación establecida e a conseguinte proposta de subvención.

Informe da comisión de valoración ó escrito presentado polo Club Deportivo Pabellón Promesas

Procede admitir a trámite a alegación presentada, xa que tivo entrada dentro do prazo de audiencia provisto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos do ano 2021

Revisión do expediente:

A vista do escrito presentado polo Club Deportivo Pabellón Promesas no que se solicita a revisión da baremación realizada no relativo a que se teña en consideración *“a existencia dun club competindo en Liga Galega Infantil de categoría autonómica ... solicitando inclúase á entidade no grupo III de competición autonómica ”*convén realizar ás seguintes consideracións:

1º.- O Club posúe unha estrutura integrada por seis equipos de base, dos cales cinco son de categoría provincial e un deles en liga galega.

2º.- Parece obvio que se de 110 licenzas que posúe o club, soamente 21 participan nunha competición autonómica, estamos en presenza dunha estrutura claramente dun club de grupo provincial.

3º.- E por se queda algunha dúbida a base 10ª-2 da convocatoria establece que *“A participación illada dun equipo nunha determinada competición, non deberá garantir automaticamente a incorporación a un grupo determinado”*.

Conclusión: De todo o indicado anteriormente en relación coa alegación presentado polo Club Deportivo Pabellón Promesas, a comisión de valoración, por unanimidade acorda desestima-la e manter o indicado Club coa puntuación establecida e a conseguinte proposta de subvención.

3º) **Estimar as alegacións, parcial ou totalmente,** presentadas polos Clubs seguintes, polos motivos indicados na parte expositiva da acta, que son os seguintes:

- Asociación Deportiva Bosco

- Club Ciclista Carballiño

Informe da comisión de valoración ó escrito presentado pola Asociación Deportiva Bosco

:

A vista do escrito presentado pola Asociación Deportiva Bosco no que se solicita a revisión das puntuacións acadadas nos diferentes apartados a baremar e dado que *non se considerou parte da documentación aportada por erro no seu tratamento*, esta comisión resolve:

1. Estrutura de club: Mantense a puntuación por estar ben baremada conforme ás bases da convocatoria. Neste apartado non se suma puntuación dos técnicos deportivos por non detallar o tipo de contrato de cada un deles, como así establecen as bases da convocatoria.
2. Situación económica: Apórtase a baremación dos documentos de gastos de kilometraxa e previsión de incremento, así como os datos do orzamento e liquidación traspapelados no estudo inicial da documentación que figura no expediente.

Deste xeito, engádense 28 puntos por gastos de quilometraxe e 33,21 pola xestión económica, o que da unha puntuación total de 61,21 puntos neste apartado.

3. Incidencia social: Engádese a puntuación pola antigüidade do club, quedando en 8,24.

Conclusión: De todo o indicado anteriormente, a comisión de valoración, por unanimidade propón a estimación parcial desta alegación, e, en consecuencia, proceder á valoración dos apartados erroneamente non baremados, co resultado que se indica a continuación, e coa puntuación final resultante dos catro indicadores que figuran nas bases:

Estrutura club	Situación económica	Nivel competición	Incidencia social	TOTAL
57,94	61,21	40	8,24	167,38

Con esta puntuación, a asignación económica sería de 6.193 €, en lugar dos 4.426 € que se lle asignaron na proposta provisional de resolución.

Informe da comisión de valoración ó escrito presentado polo Club Ciclista Carballiño

Procede admitir a trámite a alegación presentada, xa que tivo entrada dentro do prazo de audiencia previsto na proposta de resolución provisional do concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos do ano 2021

Revisión do expediente:

A vista do escrito presentado polo Club Ciclista Carballiño no que se solicita a revisión da baremación realizada no relativo a clasificación da categoría asinada ó club, entendendo que debера estar encadrado no “grupo III Autonómico, e non no grupo IV provincial”, convén realizar ás seguintes consideracións:

1º.- O club indicado non cobre o anexo correspondente de competición co cal , o mesmo club non se posiciona en competición algunha.

2º.- É un Club de recente creación, que se presenta por primeira vez a esta convocatoria, polo que non se teñen antecedentes da súa evolución deportiva.

3º.- Non participaron durante a tempada en competición algunha, como o ratifica a propia Federación da modalidade en certificado que se presenta coa solicitude.

4º.- No anexo correspondente de "quilometraxe" non presenta apenas gastos relativos a este apartado co que resulta complicado asignarlle un movemento xeográfico do que se poida derivar un determinado ámbito competitivo.

Por todo iso, inicialmente , a Comisión de valoración acordou encadralo no grupo IV de categoría provincial.

O estudo desta alegación obriga á propia Comisión a estender a súa análise, máis aló dos datos reflectidos no expediente do Club, ao estudo da realidade deportiva do ciclismo da Comunidade Autónoma, á revisión das competicións que convoca a Federación Galega de Ciclismo e por analogía, a realidade do resto de clubs de ciclismo, tamén solicitantes. De todo iso derivase a convicción real de que a práctica deportiva do ciclismo federado, na nosa comunidade autónoma, excede do ámbito provincial e a totalidade das competicións convocadas pola federación son de carácter autonómico.

Conclusión: De todo o indicado anteriormente, a comisión de valoración, por unanimidade, acorda aceptar a alegación presentada polo Club Ciclista Carballiño, e situalo no grupo III de categoría autonómica, co que o incremento do valor/punto da devandita categoría deriva nunha subvención que ascende á cantidade de 1.833 € resultante de multiplicar a súa puntuación final 42,63 polo valor punto de dita categoría que son 43 euros.

4º) **Excluir da valoración** as entidades que se indican, por non acreditar suficientemente na súa documentación o requisito previsto na letra d) do apartado primeiro da base segunda da convocatoria, que literalmente di: *“Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría sénior ou absoluta”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición”*.

- Escudería Taboadela AUTOMOBILISMO G32503237
- Club Deportivo Tres Lunas Valdeorras CICLISMO G32474538
- Peña Ciclista Valdeorras Bike CICLISMO G32238560
- Antela Fútbol Club FUTBOL G32031643
- Ribeiro do Avia Fútbol Club FUTBOL SALA G32298655
- Couto Ourense Fútbol Sala FUTBOL SALA G32224479
- Ribeiro do Avia Promesas Fútbol Sala FUTBOL SALA G32502585
- Club Míguez Team KICKBOXING G32455024
- Club Deportivo P21 Padel Club PADEL G32419699
- Agrupación Deportivo Natural PESCA G32181281
- Club Taekwondo Soto Olimpia TAEKWONDO G05433958
- Club Patinatur PATINAXE G32403917

b).- Convén sinalar que a comisión de valoración sentiuse especialmente comprometida, na análise dos expedientes, pola modificación das bases da convocatoria, e en concreto dos apartados 1c) e 1d) da base segunda, que aprobou excepcionalmente a Xunta de Goberno da Deputación o día 1 de marzo actual, polas circunstancias referidas ó Covid19.

5º) **Concederlles**, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

NOME ENTIDADE	MODALIDADE	CIF	PROPOSTA SUBVENCIÓN
Grupo I – Nacional -			
Club Hockey Barrocás	HOQUEI	G32115792	12.272 €
Club Carmelitas Vedruna	POLIDEPORTIVO	G32227183	11.000 €
Club Volei Playa Milenio Ourense	VOLEIBOL	G32482572	5.000 €
Club Voleibol Ourense	VOLEIBOL	G32146391	11.788 €
Grupo II – Autonómica-Nacional			
Club ADAS	ATLETISMO	G32027195	9.000 €
Club Polideportivo Athlos de Ourense	BÁDMINTON	G32028292	9.061 €
Club Ciclista Maceda	CICLISMO	G32028813	6.975 €
Club Esquí Náutico Dummies	ESQUÍ NÁUTICO	G32278129	4.100 €
Sala Ourense 2014	FÚTBOL SALA	G32442196	5.958 €
Club Natación Pabellón Ourense	POLIDEPORTIVO	G32310336	9.259 €
Club Ourense Atletismo	POLIDEPORTIVO	G32314379	10.719 €
Club Deportivo Xadrez Ourense	XADREZ	G32361271	5.725 €
Club Ximnasia Pavillón Ourense	XIMNASIA	G32312589	9.538 €

Escola Ximnasia Burgas	XIMNASIA	G32269201	6.786 €
Club Hockey Albor	HOQUEI	G32031155	6.959 €
Grupo III - Autonómico			
Club Baloncesto Allariz	BALONCESTO	G32101644	5.414 €
Club Depordima	BALONCESTO	G32374894	3.403 €
Asociación Deportiva Balonmán Carballiño	BALONMÁN	G32375230	2.854 €
Club Turbo Box	BOXEO	G32497141	2.000 €
Club Ciclista Carballiño	CICLISMO	G32321051	1.833 €
Club Deportivo Velle	FÚTBOL	G32147761	5.556 €
Escuela de Fútbol Femenino Rosalia	FÚTBOL	G32492621	5.000 €
S.D Nogueira de Ramuín	FÚTBOL	G32190761	3.685 €
Unión Deportiva Barbadás	FÚTBOL	G32264814	5.214 €
Club Carballiño Fútbol Sala	FÚTBOL SALA	G32219545	4.401 €
Real Montealegre Club de Golf S.A	GOLF	A32144461	5.000 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	HÍPICA	G32324865	3.494 €
A. D. Ourense Hockey Club	HOQUEI	G32249419	2.674 €
Club Deportivo Santo Cristo	HOQUEI	G32027443	2.991 €
Club Hockey Cidade de Ourense	HOQUEI	G32304354	3.158 €
Club Hockey Santiago Apóstol	HOQUEI	G32033458	3.333 €
Club Ximnasio Estudio Valenzá	KARATE	G32289274	1.500 €
Escolas Deportivas Artai	KUNG FU	G32352593	3.038 €
Wushu Kungfu Club Ourense	KUNG FU	G32393811	1.174 €
Asociación de Escaladores Ourensáns	MONTAÑISMO	G32341943	5.366 €
Club Natación Sincronizada Ourense	NATACIÓN ARTÍSTICA	G32341893	5.033 €
Padel Prix Club Deportivo	PÁDEL	G32451650	3.500 €
Club Deportivo Ourela	PATINAXE	G32441065	4.000 €
Club Patinaxe Aehde O Carballiño	PATINAXE	G32440828	3.326 €
Club Fluvial Avión	PIRAGÜISMO	G32385304	4.500 €
Club Fluvial O Barco	PIRAGÜISMO	G32132318	4.062 €
Club Piragüismo Fluvial Allariz	PIRAGÜISMO	G32102899	3.938 €
Escuela Ourensana de Piragüismo	PIRAGÜISMO	G32262479	3.553 €
Asociación Deportiva Bosco	POLIDEPORTIVO	G32147357	6.193 €
Aviamañ Trail & Tri Multideporte Maside	POLIDEPORTIVO	G32505950	1.977 €
Club Deportivo La Purísima	POLIDEPORTIVO	G32411381	6.405 €
Club Náutico Castrelo de Miño	VELA	G32158461	4.275 €
Club Peña Trevinca Barco	ORIENTACIÓN	G32022626	2.944 €
Pabellón Escola Deportiva Ourense	POLIDEPORTIVO	G32313132	7.357 €
Club Salvamento Acuático Ourense Salvour	SALVAM.-SOCORR.	G32421778	4.020 €
Centro deportivo Couto A.D.	TAEKWONDO	G32269573	3.775 €
Club Deportivo Dereito-Empresariais	TENIS	G32218760	2.341 €

Club Santo Domingo	TENIS	G32004244	2.500 €
Centro de Tiro Olímpico Eiroás	POLIDEPORTIVO	G32019077	5.979 €
Burgas Voleibol	VOLEIBOL	G32432130	3.413 €
Club Ourense Volei Praia	VOLEIBOL	G32364978	2.473 €
Club Voleibol San Martiño	VOLEIBOL	G32133969	6.203 €
Club Waterpolo Pabellón Ourense	WATERPOLO	G32358632	3.487 €
Asociación Deportiva Gim. Dinamic Center	WUSHU	G32232985	3.298 €
Xadrez Ceip Pereiro de Aguiar	XADREZ	G32431835	2.188 €
Club Marusia Ourense	XIMNASIA	G32402836	4.268 €
Clubs Ximnasia Escola Pavillón	XIMNASIA	G32346751	4.616 €
Grupo IV Provincial			
Asociación Deportiva Limiactiva	ATLETISMO	G32341067	1.678
Asociación Baloncesto Xinzo	BALONCESTO	G32358186	2.943
Asociación Basket Ourense	BALONCESTO	G32215733	1.000
CD BBALL Ourense	BALONCESTO	G32475295	2.000
A Peroxa C.F.	FÚTBOL	G32028565	1.492
C.D Rúa	FÚTBOL	G32133886	2.372
Club Deportivo Pabellón Promesas	FÚTBOL	G32308074	2.596
E. D Terras de Maside	FÚTBOL	G32501678	2.152
Sociedade Deportiva Cultural Arrabaldo	FÚTBOL	G32278541	1.875
Sporting Celanova	FÚTBOL	G32183865	1.411
Club Black Kick Competicion	KICKBOXING	G32351058	1.120
Club Deportivo Fundacion Cipri Gomes	KICKBOXING	G32473316	1.167
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	KICKBOXING	G32352478	1.104
Kickboxing Club Xinzo	KICKBOXING	G32468829	1.008
Club Deportivo Cultural Santa Teresita	FÚTBOL	G32227043	2.327
C Escolas Dep. Concello Xinzo de Limia	POLIDEPORTIVO	G32398612	3.320
Escolas Deportivas Concello de Celanova	POLIDEPORTIVO	G32369480	3.380
Esc. Dep. Concello Maceda Clube Deportivo	POLIDEPORTIVO	G32483307	2.456

7º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, debido á dilación na tramitación do presente concurso, ata o día 30 de novembro de 2021.

Para que conste, e ao abeiro do disposto no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expido a presente certificación, co visto e praxe da Presidencia.

